Aberto o prazo de inscrición para a Ludoteca Gondomar 2014 a desenvolverse en Vilaza.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 17 Xullo 2014 12:44



A Ludoteca acollerá a cativos do concello con idades comprendidas entre os 3 e 10 anos. Desenvolverase do 17 de xullo ao 15 de setembro no edificio da Unitaria de Vilaza, en horario de 09:00 a 14:30 horas de luns a venres. A programación comprende talleres, manualidades, xogos, deporte, saídas e rutas polo ámbito, con dinámicas de participación e de aprendizaxe colectiva e individual. Os interesados poderán encontrar a solicitude de inscrición no Rexistro Municipal ou descargarllos no portal web do Concello de Gondomar.